

O convulso Trienio Liberal, sumido no seu clima de inestabilidade, foi tan breve como feble, pero a pesar da súa natureza incipiente e inexperta, significou a quebra da monarquía absoluta, a crise final dun modelo e un cambio de mentalidade irreversible. Apenas unha paréntese si, pero trascendental na creación dos mitos do ideario liberal, merecedor de celebrar o seu bicentenario. ([ver doc. mes febreiro Bicentenario Deputación. Antonio Loriga.](#))

Os burgueses do s. XIX, na súa construción dunha sociedade á súa imaxe, necesitaban novos referentes alleos ao imaxinario aristócrata. Na súa busca de heroes, que encarnasen as virtudes populares, topáronse coas figuras da historia política e fixeron deles as iconas dos valores do século: a independencia e a liberdade. O levantamento contra os franceses favoreceu a creación do culto ao heroe romántico e a revolución de 1820 consolidouno, nun contexto revolucionario europeo. Nacen os ídolos, “doceañistas”, “veinteañistas”, mártires ou exiliados. Os arquetipos serán militares carismáticos convertidos en políticos, portadores dun romanticismo exaltado, como Espoz e Mina, Agar, Porlier, Lacy, Loriga, Riego, Quiroga, Van Halen ou Torrijos, un panteón simbólico para o liberalismo.

Josep Fontana advirte de que houbo un intento de limitar a revolución do ano 1820 a un mero pronunciamento militar, esquecendo que as tropas de Quiroga estaban inmovilizadas e as de Riego desarticuladas, cando o 21 de febreiro estala a insurrección na Coruña e é entón cando se estende o movemento revolucionario. Barreiro Fernández engade que tiveran fracasado sen o levantamento cívico-militar coruñés. O xeneral Quiroga escribelle a Juan Antonio, pai de Juana de Vega: “a nosa gloria é debida ao pronunciamento oportuno desta provincia e das demais que a imitaron”. Artaza Montero interpreta que os coruñeses quedan marcados por vivir intensamente o Trienio Liberal, á vangarda dos europeos. Unha aparente vitoria efémera, unha anomalía na Europa post-napoleónica, despois, nada sería como antes.

O brigantino Antonio Quiroga Hermida, do mesmo xeito que outros heroes contemporáneos, recibira o seu bautismo de lume na Guerra de Independencia, ascendendo entón a tenente coronel. Preto de 1820, cando se fragua a conspiración liberal, estaba no momento e lugar indicados, acantonado en Andalucía, ao mando do Exército Expedicionario destinado a América. O coronel Quiroga era o militar de maior gradación entre os sublevados e Riego seu tenente coronel.

Na primavera do ano 1822, o moi influente e xa xeral Quiroga, deputado na lexislatura extraordinaria de 1821 e vicepresidente das Cortes, visita o baluarte liberal coruñés ao que tanto debe e ao que tanto favorece politicamente pola súa lealdade.

Nas actas de segunda sesión do Pleno da Deputación da Coruña, do 5 de xuño de 1822, reunidos o presidente Antonio Loriga, o intendente interino, Manuel Fernández Travanco e os deputados, José Escario, Ramón Torreiro, Manuel Flórez, José Montero da Pena e José Moscoso, dise que:

En seguida anuncia el Sr. Presidente que el Ilustre General D. Antonio Quiroga, deseaba acercarse a la Diputación, y se acordó que partiese una Comisión para introducirle en el Salón de Sesiones, como si tubo efecto, y ocupando un asiento a la derecha del Sr. Presidente le dirigió una alocución muy propia y alusiva al heroísmo con que se hizo tan célebre este caudillo, poniéndose al frente del primer Ejército libertador de la Nación para restituirla al goze del Código precioso en el que se hallan consignadas nuestras libertades patrias.

Los Sres. Diputados llenos de júbilo, y cediendo al placer de ver a su lado un patriota digno de la gratitud nacional, se expresaron en iguales términos y a todos satisfizo el Sr. Quiroga contestando muy oportunamente. La misma Comisión volvió a despedirle y se acordó que su nombre quede consignado en las Actas. ([ver Acta 1822.](#))

A seguinte primavera, dado que o Trienio Liberal padece do “mal do século”, invaden España os Cen mil fillos de San Luis e os seus heroes románticos como Mina ou Quiroga deben abandonar a política polo combate. O 4º Exército de Operacións estaba ao mando do conde de Cartagena, o xeneral Morillo e o xeneral Quiroga, era o seu lugartenente. Pero a resistencia galega ao invasor vese rotundamente socavada pola defección de Morillo, o 25 de xuño. Entón as solicitudes de axuda a Inglaterra e Portugal fanse máis vixentes, de Quiroga, absolutamente oposto ao seu xeneral en xefe. Pola súa banda Morillo, ao reorganizar a cúpula castrens en Galicia, asegurouse de constrinxir de medios e recursos a Quiroga, impedíndolle a súa loita pola liberdade contra o invasor. Aínda así, o brigantino consegue eludir as trampas do conde e o 2 de xullo comunica ao ministro da Guerra a súa satisfacción porque na Coruña todas as autoridades decidiran opoñerse aos plans de Morillo, aquel heroe da guerra de Independencia que agora se enfrentaba á Milicia nacional. O 5 de xullo comeza un asedio á cidade durante máis dun mes. Fatalmente irían caendo un a un os baluartes do liberalismo, na nosa primeira guerra civil, tamén Cádiz estaba condenada a capitular. Os franceses ocupan a totalidade de Galicia a finais de agosto.

Na construción do relato heróico romántico as mulleres liberais foron vítimas dos estereotipos de xénero e aínda así fórxase un número crecente de amazonas de liberdade. O Trienio Liberal as familiarizara coa política, participaron nos actos cívicos, apoiaron as conspiracións, compartiron o exilio e fixeron da beneficencia en feminino unha fórmula de acción social. Ata as máis capaces biografiaron ao heroe, poñendo os piares da construción do mito revolucionario para a historiografía, é o caso de Luisa Sáenz de Viniegra, viúva do xeneral Torrijos ou Juana de Vega, viúva do xeneral Espoz e Mina. ([ver doc. mes Beneficencia liberal en feminino.](#))

Nesta historia de romanticismo político, non podía faltar o duro destino do exiliado. Desde 1823 Inglaterra é o obxectivo de preto de 6000 liberais españois e Londres será considerada a capital da conspiración antiabsolutista, unha singularidade naquela Europa. Carlyle descríbneos como “leóns engaiolados”: milicianos, comerciantes, intelectuais ou políticos, como Alcalá Galiano, Toreno, Isturiz, Pumarejo, Llorente, Gil de la Cuadra, Bauzá, Florez Estrada, de la Vega ou Beltrán de Lis xunto co mando militar liberal, formado entre outros por Valdés, Méndez Vigo, Espinosa, Romay, Miláns del Bosch, Novella, Pita da Veiga, Barrera, López Baños, Quiroga, Van Halen (casado con Carmen Quiroga) ou Torrijos. Á cabeza da utopía insurreccional, a figura máis respectada era Espoz e Mina, a elite da revolución Atlántica. Loitara á beira de Wellington e mantiña amizades internacionais en Portugal, Francia, Gran Bretaña ou América. Espiábanse os seus faladoiros londinienses en romántica conspiración con Argüelles, Mendizábal, a viúva de Riego, o duque de Rivas, Espronceda e a flor e nata liberal. Juana de Vega trasladaría o costume aos seus salóns coruñeses, converténdose no santuario da causa progresista. Tras 10 anos, coa amnistía de 1833, regresan a España, tan divididos como partiron, os liberais, as súas familias e os seus heroes. ([ver doc. mes Juana de Vega.](#))

[Bibliografía empregada.](#)

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Maquetación: Yolanda Carro. Corrección texto galego: Nieves do Campo. Documento: Acta 05/06/1822.

SELO DE OFICIO

4. MRS
AÑO 1822

Una cita:

“El verdadero heroísmo consiste en convertir los sueños en realidades y las ideas en hechos”.

Castelao

*... a los Apuntamientos de la Diputación...
... finalmente se aprobó una resolución en
... y se acordó en consecuencia que se hiciese
... la Sesión combatiéndose la propuesta para los diez de este mes
... manera del Suite firma el Sr. Presidente de que
... el Secretario Certifica.*

Antonio Lopez
D. M. F. F. F.



Y Arco Agüero, Lopez Banos, Riego, Quiroga.

MOTTE, CHARLES. Les immortels. Arco Agüero, Lopez Banos, Riego, Quiroga. 1820. Litografía. Museo Nacional del Romanticismo.

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

Sesion 2.ª

De Cinco de Junio de Mil

Ochocientos Vinte y dos.

EL GENERAL QUIROGA, UN HÉROE ROMÁNTICO.
BICENTENARIO DIPUTACIÓN, 1822.

*... Recurridos los Sres. Vocales que asistieron al
... sobre el Sr. Presidente esta Sesión tomando el
... juramento porvenir en el artículo trescientos treinta y
... de la Constitución al Sr. Diputado D. Juan
... y habiéndolo tomado asiente, fue leída el Acta de la pre-
... Sesión que quedó aprobada acordando la Diputación
... que se estampase en papel sellado de Oficio.*

*... En seguida ordenó el Sr. Presidente que el
... Sr. D. Antonio Quiroga tuviese acceso a
... la Diputación y a acordar que se hiciese una Comisión para
... en el Salón de Sesiones con un tubo apertado, y
... ocupando un asiento a la derecha del Sr. Presidente. Li-
... que por entonces muy joven y abarca al hermano con que se
... hizo tan celebre en Castella presentándose al frente del primer
... ejército libertador de la Nación para resistir el yugo del
... Casto francés en que se hallan encerrados nuestros libertos
... patrias. Los Sres. Diputados iban de pie, y estando
... al placer de ver a su lado un patriota tan digno de la gra-
... titud Nacional, se expresaron en iguales términos, y a todas
... delijizo el Sr. Quiroga entusiasmo muy oportunamente.
... La misma Comisión habia a disposición que acordó que
... su nombre quedase consignado en las Actas.*

*... También se acordó otra Comisión compuesta
... de los Sres. Lopez y Casaca para cumplimentar.*

*... El Sr. Quiroga ha tomado una in-
... comunion por el Sr. Presidente general, sobre el
... mal estado en que se halla el ejército nuevo de Portugal
... en la Carrera, que como justora la Diputación en*

El convulso Trienio Liberal, sumido en su clima de inestabilidad, fue tan breve como endeble, pero a pesar de su naturaleza incipiente e inexperta, significó la quiebra de la monarquía absoluta, la crisis final de un modelo y un cambio de mentalidad irreversible. Apenas un paréntesis sí, pero trascendental en la creación de los mitos del ideario liberal, merecedor de celebrar su bicentenario. ([ver doc. mes febrero Bicentenario Diputación. Antonio Loriga](#)).

Los burgueses del siglo XIX, en su construcción de una sociedad a su imagen, necesitaban nuevos referentes ajenos al imaginario aristócrata. En su busca de héroes, que encarnasen las virtudes populares, se toparon con las figuras de la historia política e hicieron de ellos los iconos de los valores del siglo: la independencia y la libertad. El levantamiento contra los franceses favoreció la creación del culto al héroe romántico y la revolución de 1820 lo consolidó, en un contexto revolucionario europeo. Nacen los ídolos, doceañistas, veinteañistas, mártires o exiliados. Los arquetipos serán militares carismáticos devenidos en políticos, portadores de un romanticismo exaltado, como Espoz y Mina, Agar, Porlier, Lacy, Loriga, Riego, Quiroga, Van Halen o Torrijos, un panteón simbólico para el liberalismo.

Josep Fontana advierte que se ha querido limitar la revolución de 1820 a un mero pronunciamiento militar, olvidando que las tropas de Quiroga estaban inmovilizadas y las de Riego desarticuladas, cuando el 21 de febrero estalla la insurrección en A Coruña y es entonces cuando se extiende el movimiento revolucionario. Barreiro Fernández añade que hubieran fracasado sin el levantamiento cívico-militar coruñés. El general Quiroga le escribe a Juan Antonio, el padre de Juana de Vega: “nuestra gloria es debida al pronunciamiento oportuno de esta provincia y las demás que la imitaron”. Artaza Montero interpreta que los coruñeses quedan marcados por vivir intensamente el Trienio Liberal, a la vanguardia de los europeos. Una aparente victoria efímera, una anomalía en la Europa post-napoleónica, después, ya nada sería como antes.

El brigantino Antonio Quiroga Hermida, al igual que otros héroes contemporáneos, había recibido su bautismo de fuego en la Guerra de Independencia, ascendiendo entonces a teniente coronel. Cerca de 1820, cuando se fragua la conspiración liberal, estaba en el momento y lugar indicados, acantonado en Andalucía, al mando del Ejército Expedicionario destinado a América. El coronel Quiroga era el militar de mayor graduación entre los sublevados y Riego su teniente coronel.

En la primavera de 1822, el muy influyente y ya general Quiroga, diputado en la legislatura extraordinaria de 1821 y vicepresidente de las Cortes, visita el baluarte liberal coruñés al que tanto debe y tanto favorece políticamente por su lealtad.

En las actas de segunda sesión del Pleno de la Diputación de A Coruña, de 5 de junio de 1822, reunidos el presidente Antonio Loriga, el intendente interino, Manuel Fernández Travanco y los diputados, José Escario, Ramón Torreiro, Manuel Flórez, José Montero de la Peña y José Moscoso, se dice:

En seguida anuncia el Sr. Presidente que el Ilustre General D. Antonio Quiroga, deseaba acercarse a la Diputación, y se acordó que partiese una Comisión para introducirle en el Salón de Sesiones, como sí tubo efecto, y ocupando un asiento a la derecha del Sr. Presidente le dirigió una alocución muy propia y alusiva al heroísmo con que se hizo tan célebre este caudillo, poniéndose al frente del primer Ejército libertador de la Nación para restituirla al goze del Código precioso en el que se hallan consignadas nuestras libertades patrias.

Los Sres. Diputados llenos de júbilo, y cediendo al placer de ver a su lado un patriota digno de la gratitud nacional, se expresaron en iguales términos y a todos satisfizo el Sr. Quiroga contestando muy oportunamente. La misma Comisión volvió a despedirle y se acordó que su nombre quede consignado en las Actas. ([ver Acta 1822](#))

La siguiente primavera, dado que el Trienio Liberal padece del “mal del siglo”, invaden España los Cien mil hijos de San Luis y sus héroes románticos como Mina o Quiroga deben abandonar la política por el combate. El 4º Ejército de Operaciones estaba al mando del conde de Cartagena, el general Morillo y el general Quiroga, era su lugarteniente. Pero la resistencia gallega al invasor se ve rotundamente socavada por la defección de Morillo, el 25 de junio. Se hacen entonces más acuciantes las peticiones de ayuda a Inglaterra y Portugal, de Quiroga, absolutamente opuesto a su general en jefe. Por su parte Morillo, al reorganizar la cúpula castrense en Galicia, se aseguró de constreñir de medios y recursos a Quiroga, impidiéndole su lucha por la libertad contra el invasor. Aún así, el brigantino consigue eludir las trampas del conde y el 2 de julio comunica al ministro de Guerra su satisfacción porque en A Coruña todas las autoridades habían decidido oponerse a los planes de Morillo, aquel héroe de la guerra de Independencia que ahora se enfrentaba a la Milicia nacional. El 5 de julio comienza un asedio a la ciudad durante más de un mes. Fatalmente irían cayendo uno a uno los baluartes del liberalismo, en nuestra primera guerra civil, también Cádiz estaba condenada a capitular. Los franceses ocupan la totalidad de Galicia a finales de agosto.

En la construcción del relato heroico romántico, las mujeres liberales fueron las víctimas de los estereotipos de género y aún así se forjó un creciente número de amazonas de la libertad. El Trienio Liberal las había familiarizado con la política, participaron en los actos cívicos, apoyaron las conspiraciones, compartieron el exilio e hicieron de la beneficencia en femenino una fórmula de acción social. Incluso las más capaces biografiaron al héroe, poniendo los pilares de la construcción del mito revolucionario para la historiografía, es el caso de Luisa Sáenz de Viniegra, viuda del general Torrijos o Juana de Vega, viuda del general Espoz y Mina. ([ver doc. mes Beneficencia liberal en femenino](#)).

En esta historia de romanticismo político, no podía faltar el duro destino del exiliado. Desde 1823 Inglaterra es el objetivo de cerca de 6000 liberales españoles y Londres será considerada la capital de la conspiración antiabsolutista, una singularidad en aquella Europa. Carlyle les describe como “leones enjaulados”: milicianos, comerciantes, intelectuales o políticos, como Alcalá Galiano, Toreno, Ísturiz, Pumarejo, Llorente, Gil de la Cuadra, Bauzá, Florez Estrada, de la Vega o Beltrán de Lis junto con el mando militar liberal, formado entre otros por Valdés, Méndez Vigo, Espinosa, Romay, Miláns del Bosch, Novella, Pita da Veiga, Barrera, López Baños, Quiroga, Van Halen (casado con Carmen Quiroga) o Torrijos. A la cabeza de la utopía insurreccional, la figura más respetada era Espoz y Mina, la élite de la revolución Atlántica. Había luchado al lado de Wellington y mantenía amistades internacionales en Portugal, Francia, Gran Bretaña o América. Se espían sus tertulias londinenses en romántica conspiración con Argüelles, Mendizábal, la viuda de Riego, el duque de Rivas, Espronceda y la flor y nata liberal. Juana de Vega trasladaría la costumbre a sus salones coruñeses, convirtiéndolos en el santuario de la causa progresista. Tras 10 años, con la amnistía de 1833, regresan a España, tan divididos como partieron, los liberales, sus familias y sus héroes. ([ver doc. mes Juana de Vega](#))

Bibliografía empleada